

Libres e Combativas

Feminismo revolucionario e anticapitalista



SEGUEN A MATARNOS E VIOLARNOS

O CAPITALISMO É VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES





Decembro de 2022 será lembrado como o mes con máis asasinatos machistas dende que empezaron os rexistros oficiais en 2003. Trece mulleres asasinadas en 28 días, rematando o ano con dous menores e 49 mulleres asasinadas polas súas parellas, exparellas ou proxenitores. En 21 destes casos constaban denuncias por violencia machista (un 42,9%), en cinco había supostas medidas de protección que non evitaron os crimes, mesmo algúns dos asasinados estaban no sistema VioGén por relacións de malos tratos anteriores.

Tras un ano tráxico, 2023 arrinca con catro mulleres asasinadas en 24h. É desgarrador. Seguen a matarnos e aquí non cambia nada. A cousa sería moi distinta se as vítimas fosen bispos, banqueiros, políticos ou xuíces.

Un sistema en guerra contra as mulleres

Aos feminicidios hai que sumar outras cifras devastadoras. En 2022 as violacións aumentaron un 38% e calcúlase que máis de oito millóns de mulleres no Estado español sufriron acoso sexual. Hai que ser claras: os culpables do terrorismo machista non son só os que matan ou agreden. Esta lacra social está permitida e amparada por un aparato do Estado e unha xudicatura machista e clasista. A ofensiva reaccionaria contra a lei do *Só Si é Si* —que contou co apoio activo da

A violencia machista disparada Mátannos e aquí non pasa nada!

dirección do PSOE— ou o esperpento antidemocrático coa renovación do Tribunal Constitucional son un exemplo de que non declararon a guerra.

Estes dereitistas con toga, igual que os dirixentes de Vox e do Partido Popular, protexen os nosos agresores con sentenzas infames, obrigan a entregar os nosos fillos a maltratadores, amparan empresarios acosadores e que nos pagan menos só por ser mulleres, axitan contra o dereito ao aborto e diseminan a súa homofobia e transfobia. Son os da Patria, Familia, Deus e Bandeira que sempre estimularon todas as formas posibles de violencia contra nós. Isto é o que vemos agora coas medidas contra o aborto aprobadas polo Goberno de Vox e PP en Castela e León, que propoñen que os sanitarios ofrezan ás embarazadas que pretenden interromper o seu embarazo a posibilidade de escoitar o latexo do feto ou unha ecografía en 4D. Un claro exemplo de que baixo este sistema, e cunha extrema dereita totalmente envalentada, os

dereitos que conquistamos poden ser eliminados dun golpe.

Que serve e que non serve na loita contra o machismo?

Estamos fartas de que, a pesar das leis e as declaracións do Goberno do PSOE-UP, esta sangría machista non cese. “Algo non estamos a facer ben como sociedade”, nos din. Mais, sendo fieis á realidade, quen non está a facer as cousas ben é o Goberno.

Poden parecer contradictorio que esta escalada de asasinatos se produza cando máis leis feministas están a tramitarse. Pero non o é. Para acabar co machismo non abonda con denunciar a súa existencia ou modificar a lexislación. Non remataremos coa violencia de xénero reforzando as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, “educando en igualdade” aos xuíces e xuízas ou con máis coordinación e información institucional.

Se de verdade están a soar as alarmas na Moncloa, que o demostren. Cómpre ir á raíz do problema, que é a opresión económica, ideolóxica e de xénero que provoca o capitalismo. Dende Libres e Combativas sempre apoiaremos as medidas que nos fagan avanzar en dereitos, porque sabemos que os cambios lexislativos son en moitos casos o froito da loita. Pero nunca aplaudiremos a retórica baleira.

Loitar consecuentemente contra a violencia machista pasa por enfrontarse á extrema dereita e á Igrexa católica, por depurar aos franquistas do aparato do Estado e as súas institucións, e por derrogar leis ultrareaccionarias que seguen contribuíndo á nosa opresión, como a Lei de Estranxeiría. Pasa por mobilizar os inxentes recursos económicos que existen —e que están nos petos dos grandes capitalistas, empresarios e proxenetes— e poñelos ao servizo das necesidades sociais (casas de acollida, empregos dignos ou subsidio indefinido ata atopar traballo,

vivendas accesibles, servizos públicos de calidade...) das máis oprimidas. Sen medios económicos, materiais e humanos reais á disposición das vítimas non pode haber igualdade.

Confiar a loita contra o machismo en renovar pactos coa dereita é un camiño fracasado. Só a mobilización máis decidida e enérxica do movemento feminista poderá poñer fin á violencia á que este sistema somete cada día ás mulleres novas e traballadoras.

Nin unha menos! Este 8M volvemos á folga estudiantil feminista

O 8 de marzo converteuse xa nunha cita fundamental na nosa loita. Dende Libres e Combativas e o Sindicato de Estudiantes chamamos a toda a mocidade á folga estudiantil feminista o 8M e a encher as rúas nas manifestacións que convocamos ás 12h e ás que se celebrarán pola tarde.

Pero non só as estudantes temos que responder da forma máis contundente posible. Os sindicatos e as organizacións feministas deberían convocar folga xeral! Temos forza e sobran os motivos para volver paralizalo todo. Esa sería a mellor mensaxe que podemos enviar á extrema dereita e a toda clase de machistas que queren vinganza por todo o que significou o noso movemento.

O capitalismo é violencia sistémica contra as mulleres máis oprimidas. Mais non imos permitir que este sistema nos esmague. Non daremos nin un paso atrás ata conseguir que a consigna *nin unha menos!* se faga realidade.

Únete e constrúe connosco o feminismo revolucionario!

5º ANIVERSARIO de Libres e Combativas

VEN DA CONTRAPORTADA

Nieves Canalejo López
Traballadora de hostalería (A Coruña)

meira liña, porque sei que imos pelexar ata que o consigamos TODO.

María Fuentes
Traballadora da limpeza do Hospital Gregorio Marañón (Madrid)

me puido pasar. A loita contra o machismo lévana ao grande. Eu agradézcolles moito todo o apoio que tiven no seu día e que sigo tendo a día de hoxe.

Mireia Alonso
Estudiante (Gasteiz)

Empecei a participar en Libres e Combativas non fai moito, pero en cada momento tiven presente a forza e seguridade que che transmite saber que hai máis persoas que comparten os teus mesmos ideais. É unha organización acolledora na que sempre se está a gusto e na que tentes libre para comentar, debater e compartir calquera obxectivo ou pensamento. As súas ideas do feminismo coinciden coas que eu comparto e é unha razón máis pola que me gustan tanto os seus puntos de vista, loitas e movementos que impulsan.

Óscar Soria Moya
Estudiante (Málaga)

A primeira vez que souben de Libres e Combativas foi hai case 5 anos a raíz dunha asemblea contra a LGTBFobia que había organizada na Universidade de Málaga, e a partir de aí empecei a participar asiduamente tanto na actividade da plataforma coma do Sindicato de Estudiantes. Estou en Libres e Combativas porque creo que é unha organización que sempre está na mesma barricada dos máis oprimidos e oprimidas e que é consecuente coas súas ideas, posicionándose, por moi polémico que sexa o tema, sempre coas mulleres de clase traballadora, migrantes e LGTBI, que son as que máis sofren a lacra deste sistema.

As dependentas de Inditex en loita Trala victoria da folga na Coruña, a rebelión esténdese

O 22 de decembro, tras máis dun mes de mobilizacións, e a escasas horas de que dese comezo a folga de dependentas de Inditex na Coruña, a CIG, sindicato convocante, alcanzaba un preacordo dun 25% de incremento salarial, 4.800 euros brutos de subida para as traballadoras con xornadas a partir de 15 horas semanais (a metade para contratos con xornadas inferiores). En definitiva, unha subida inmediata de 322 € mensuais en 15 mensualidades e chegar aos 382 en 2024!

Tras esta vitoria, o 7 de xaneiro, dependentas de todo o Estado sumábanse á folga convocada pola CGT. En Sevilla, Logroño, Valencia, Barcelona e Madrid as traballadoras conseguían pechar tendas de Zara, Kiddy's Class, Lefties e Pull & Bear. Tralo éxito das compañeiras galegas e desta xornada, os convocantes xa anunciaron que continuarán coas mobilizacións ata poñer fin á precariedade e desprezo da familia Ortega. As traballadoras teñen forza e van a por todas.

“A Marta Ortega nuestro sueldo se la pela”

Con esta sinxela consigna as traballadoras de Inditex deixaron moi clara cal é a “sororidade entre mulleres” da que tanto nos falan a burguesía e os medios de comunicación. Marta Ortega, a actual presidenta do grupo, é unha muller. Pero é unha muller que, mentres mantiña ás súas traballadoras sen poder chegar a fin de mes, con salarios base 600 € inferiores aos dos traballadores de fábrica e centros loxísticos máis masculinizados,

pechaba o terceiro trimestre de 2022 como o mellor da historia de Inditex, un beneficio de 3.095 millóns de euros entre febreiro e outubro: un 24% máis que o ano pasado!

Marta Ortega é unha muller, pero ante todo é unha capitalista, unha multimillonaria, que mantén condicións laborais incompatibles coa conciliación familiar das súas traballadoras. Por iso desde que asumiu a presidencia da multinacional endureceu aínda máis as condicións das traballadoras: contratos parciais irrrosos, imposibilidade de conciliar, denegación de días por asuntos propios, ter que ir ao xulgado para chegar a acordos nos horarios por redución de xornada e mesmo nalgúns casos ter que pedir permiso para ir ó baño.

Esta é a sororidade das mulleres capitalistas: enriquecerse á conta da ex-

plotación de milleiros de mulleres traballadoras.

CCOO e UGT estrélanse contra a determinación das traballadoras

Foron semanas de intensa mobilización nas que as traballadoras non só fixeron fronte á chantaxe patronal senón tamén á vergoñosa alianza entre empresa e direccións sindicais (CCOO e UGT) para romper a folga e tratar de desbotar calquera acción sindical que plantase batalla: asinaron acordos coa empresa que as traballadoras rexeitaron e crimina-

lizaron as organizacións convocantes. Pero chocaron coa determinación das traballadoras.

A vitoria das compañeiras da Coruña marca o camiño. Por iso a rebelión das traballadoras de Inditex continúa ata lograr: unha suba salarial de 500 €/mes, que se lles paguen os domingos nas mesmas condicións que o resto de festivos e a equiparación de axudas sociais ás que xa recibe o sector masculinizado do grupo (material escolar, gardería e comedor).

Así se loita e así se vence!
Estamos convosco!

Participa no
V Encontro Estatal
de Libres e Combativas

Sábado 25 de febreiro | Madrid | 10h
Inscríbete en libresycombativas.net
para participar. Agardámosvos!



O FEMINISMO REVOLUCIONARIO AVANZA CON FUERZA



Teresa Prados
Diseñadora (Barcelona)

O meu primeiro contacto con Libres e Combativas foi en 2017, cando máis dun milleiro de mulleres levabamos a cabo desde a Plataforma Libres de Essure unha loita de denuncia das terribles consecuencias que, para a nosa saúde, tivo e ten o ser portadoras deste anticonceptivo de Bayer. As compañeiras de Libres e Combativas foron decisivas para facer avanzar a nosa loita. Fixéronme conectar coas ideas do feminismo revolucionario, que me deu respostas e ensinoume o camiño a seguir a nivel laboral, sindical, político e persoal. O feminismo de clase, o que se basea nas figuras de Rosa Luxemburgo ou Alexandra Kollontái, reafirmoume na comprensión de que a loita pola emancipación da muller traballadora é a loita pola liberación do conxunto da nosa clase.



Carmen Muñoz
Traballadora de hostalería e estudante de FP (Cádiz)

Todo comezou en 2019, cando tras anos traballando en Madrid no sector da hostalería, despedíronme por estar embarazada. Foi entón cando decidín dar un paso á fronte e poñerme en contacto con Esquerda Revolucionaria para organizarme

política e sindicalmente. A través deles, coñecín ás compañeiras de Libres e Combativas e vinme reflectida en cada unha delas. Ser muller, traballadora e nai nun sistema que golpea sistematicamente os nosos dereitos como clase, é unha loita diaria constante. Por iso para min é un orgullo pertencer a esta plataforma e loitar por acabar con este sistema que non ten absolutamente nada que ofrecer a millóns de mulleres e mozas traballadoras.



Carmen Diego
Traballadora SAD (Asturias)

Dende a nosa plataforma hai anos que temos unha estreita relación con Libres e Combativas. Achegáronse a nós con gran xenerosidade para apoiarnos e axudarnos nas loitas que tivemos ao longo destes anos. Marcaron o camiño de como defender un feminismo revolucionario e anticapitalista. A loita de Libres e Combativas é de clase, contra a explotación sexual, a precariedade laboral, a xustiza patriarcal e a reivindicación dunha materia de Educación Sexual. Por iso estamos en sintonía coas compañeiras e loitamos con elas en todos os espazos onde hai opresión e abusos. E este ano volveremos xuntas a reivindicar a folga feminista do 8 de marzo.



Laura Gil Vattier
Estudiante (Sevilla)

Empecei a participar en Libres e Combativas en 2018 a raíz das mobilizacións contra a sentenza da Manada. Afílieme daquela e hoxe continuo porque defendo que a opresión que sufrimos as mulleres e o colectivo LGTBI ten a súa orixe no sistema capitalista e a súa maquinaria reaccionaria. É o noso deber como filhas, filles e fillos da clase traballadora, loitar por un feminismo revolucionario que poña no punto de mira o sistema, defendendo consignas vitais como o dereito ao aborto e a abolición da prostitución, a pornografía e os ventres de alugueiro.



Ana Isabel Arellano
Estudiante (València)

Son compañeira de Libres e Combativas dende hai 4 anos. Coñecín a organización nas mobilizacións contra a sentenza da Manada, unhas protestas que marcaron un fito na loita feminista recente. É en momentos coma eses onde a acción das masas é fundamental, e síntome orgullosa de dicir que Libres e Combativas encabezou estas protestas. As folgas e manifestacións estudantis foron o seu sinal

de identidade e o que me animou a afiliarme. Agora exerzo unha militancia activa, visitando centros de estudo, pegando carteis, facendo chegar a nosa prensa onde me sexa posible, asistindo a reunións periódicas, aprendendo cada día como de verdade se poden cambiar as cousas. Por iso animo desde aquí a dar ese paso adiante e a unirse, xa que a organización é o único camiño.

CONTINÚA DENTRO ▶

